

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e tres de febreiro de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as nove horas corenta e cinco minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 17 de febreiro de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

2.- APROBACIÓN DE PROXECTOS TÉCNICOS DE OBRA

Constan nas dependencias municipais os seguintes proxectos técnicos redactados por orde da Alcaldía:

A/

Proxecto técnico da obra de “MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL QUE DESCORRE ENTRE AS PARROQUIAS DO SALTO E VILELA”, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Leticia Diéguez

Alonso, con data febreiro de 2022, cun importe global de CENTO TRINTA E CATRO MIL SETECENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS (134.799,37 €), IVE incluído, desagregado nos seguintes conceptos:

✓ Execución por contrata:	125.321,29 €
✓ Honorarios de proxecto:	4.212,48 €
✓ Honorarios dirección de obra:	4.212,48 €
✓ Honorarios coordinación de seguridade e saúde:	1.053,12 €

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias con data 22/02/22, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado, condicionado á obtención das autorizacións sectoriais pertinentes segundo o informado polo técnico municipal.

B/

Proxecto técnico da obra de “PAVIMENTACIÓN E REFORMA DE FIRMES EN CAMIÑOS E ALDEAS DAS PARROQUIAS DE GUILLAR, RIOBÓ, CAMBA, NEGRELOS E SANTA BAIÁ DE CAMBA”, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Leticia Diéguez Alonso, con data febreiro de 2022, cun importe global de TRESCENTOS TRINTA E TRES MIL SESENTA E UN EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS (333.061,61 €), IVE incluído, desagregado nos seguintes conceptos:

✓ Execución por contrata:	309.643,21 €
✓ Honorarios de proxecto:	10.408,18 €
✓ Honorarios dirección de obra:	10.408,18 €
✓ Honorarios coordinación de seguridade e saúde:	2.602,04 €

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias con data 23/02/22, respecto do cumprimento da

lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado, condicionado á obtención das autorizacións sectoriais pertinentes segundo o informado polo técnico municipal.

3.- ACORDO SOBRE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO NO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2022-2023, APROBADO POR AGADER

O Sr. alcalde informa aos Sres. concelleiros asistentes da Resolución do 29 de decembro de 2021 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023 (DOG núm. 16, do 25/01/22). Segundo os criterios de distribución do Plan correspóndelle a este Concello a cantidade de 82.985,00 € en dúas anualidades (19.833,00 € no 2022 e 63.152,00 € no 2023). En dita cantidade non está incluída o importe do IVE.

Infórmase, asemade, que as actuacións que se poden incluír no plan consisten na ampliación, mellora e mantemento de camiños de titularidade municipal que faciliten o acceso a parcelas agrícolas. Nese obxectivo, contéplase a inclusión no mesmo dunha única actuación a desenvolver nun camiño municipal que descorre entre as parroquias do Salto e Vilela.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a participación do Concello no Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023, coa actuación denominada *“Mellora de camiño municipal que descorre entre as parroquias do Salto e Vilela”*.

Segundo.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e calquera outra documentación que resulte necesaria para a efectividade do acordado.

4.- SOLICITUDE DE SUBVENCÍONS Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS CON CARGO Á LIÑA 1 DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022

O Sr. alcalde informa aos Sres. concelleiros asistentes da Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, publicadas no BOP núm. 230, correspondente ao día 27 de novembro de 2021, e a conveniencia de solicitar a inclusión en dito Plan a realización de diversos investimentos en servizos básicos municipais de conformidade coa Liña 1 do Plan correspondente ao exercicio de 2022, anualidade na que o Concello ten asignada a cantidade total de 375.483,47 €, cifra que pode ser incrementada co sobrante da Liña 3 e coa cantidade asignada na Liña 2 non solicitada.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Deputación Provincial as seguintes subvencións con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022, por importe global de CATROCENTOS DOCE MIL CATROCENTOS CORENTA E OITO EUROS CON CINCUENTA E UN CÉNTIMOS (412.448,51 €), con destino á realización e financiamento dos seguintes investimentos (Liña 1: Investimentos):

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGAS OUTRAS ADMINISTRACIÓNS
Pavimentación e reforzo de firmes en camiños e aldeas das parroquias de Guillar, Riobó, Camba, Negrelos e Santa Baia de Camba	333.061,61 €	333.061,61 €	0,00 €	0,00 €
Mellora de camiño municipal que descorre entre as parroquias do Salto e Vilela	134.799,37 €	51.814,37 €	0,00 €	82.985,00 €
Humanización e mellora peonil da rúa Aviador Gumersindo Areán	449.671,32 €	27.572,53 €	17.394,61 €	404.704,18 €

Segundo.- Realizar as finalidades obxecto das subvencións solicitadas, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Terceiro.- Comprometerse a comunicarlle á Deputación calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para o outorgamento das subvencións.

Cuarto.- Solicitar, de conformidade co previsto na Base 8.1.1 e no referente aos investimentos denominados *“Pavimentación e reforzo de firmes en camiños e aldeas das parroquias de Guillar, Riobó, Camba, Negrelos e Santa Baia de Camba”* e *“Mellora de camiño municipal que descorre entre as parroquias do Salto e Vilela”*, a inclusión, dentro dos gastos de inversión solicitados, dos custes de redacción dos proxectos, direccións de obras e coordinacións de seguridade e saúde, que precisan dunha contratación externa por insuficiencia de medios do Concello

Quinto.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de DEZASETE MIL TRESCENTOS NOVENTA E CATRO EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS (17.394,61 €). O órgano que adopta este acordo é competente para comprometer esta achega.

Sexto.- Facultar expresamente a Sr. alcalde para que, na representación legal do Concello que ostenta, asine as correspondentes solicitudes e canta documentación resulte necesaria para a efectividade do acordado.

5.- CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUNHA PRAZA DE OPERARIO DE SERVIZOS DIVERSOS

Dáse conta aos Sres. concelleiros asistentes que o día 18 de febreiro do corrente rematou o proceso selectivo para a contratación laboral temporal dunha praza de operario de servizos diversos, segundo a convocatoria e Bases aprobadas por este órgano na sesión celebrada o día 28 de xaneiro de 2022.

O Tribunal cualificador do proceso selectivo eleva a este órgano, segundo o establecido na Base décima, a proposta de contratación do aspirante que obtivo a maior puntuación total, segundo a seguinte relación:

CANDIDATOS	FASE OPOSICIÓN	FASE CONCURSO	PUNTUACIÓN TOTAL
MANUEL DOMÍNGUEZ GARCÍA	5,00	3,40	8,40
JOSÉ MANUEL VILAR LÓPEZ	5,50	0,65	6,15

Corresponde, en consecuencia, a contratación do candidato Manuel Domínguez García.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes e de conformidade co proposto polo Tribunal cualificador, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, por interinidade, no posto de traballo de operario de servizos diversos e coas condicións establecidas na Base segunda reguladora do proceso selectivo, do seguinte traballador:

Tempo completo (37,5 horas/semana)

MANUEL DOMÍNGUEZ GARCÍA	██████████
-------------------------	------------

Segundo.- Constituír unha bolsa de emprego, de conformidade co previsto na Base undécima, integrada polo restante candidato que superou o proceso selectivo Don José Manuel Vilar López, con DNI núm. ██████████.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que asine o correspondente contrato de traballo e cantos documentos sexan necesarios para a efectividade do acordado.

5.- AUTORIZACIÓN PARA SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULO ADSCRITO Á LICENZA MUNICIPAL DE TAXI NÚM. 5

ANTECEDENTES

1º.- Don Samuel Porto Dacal, con DNI núm. ██████████ e con domicilio no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro, na súa condición de titular da licenza municipal de taxi núm. 5, solicita con data 28 de decembro de 2021 (RE-E núm. 467), autorización para a substitución do vehículo actualmente adscrito á licenza por outro de nova adquisición.

2º.- O solicitante consta como titular da licenza municipal de taxi núm. 5, por transmisión autorizada por acordo deste órgano de data 16/05/2013, e autorización interurbana en vigor núm. ██████████.

3º.- A licenza figuraba adscrita ata a presente data ao vehículo marca CITROEN, modelo C4 PICASSO, matrícula 6765HRW e bastidor núm. [REDACTED], substitución autorizada no seu día por acordo deste órgano de data 23/07/2013.

4º.- Solicítase a substitución do vehículo sinalado no apartado anterior por outro de nova adquisición coas características seguintes:

TITULAR: SAMUEL PORTO DACAL

MARCA: KIA

MODELO: NIRO

MATRÍCULA: 4929LVF

DATA DA PRIMEIRA MATRICULACIÓN: [REDACTED]

NÚMERO DE BASTIDOR: [REDACTED]

5º.- O vehículo anteriormente especificado cumpre cos requisitos legalmente establecidos para autorizar a súa substitución en relación á súa antigüidade e a súa adaptación ás condicións esixidas para a prestación do servizo.

6º.- Con data 11 de febreiro do corrente, o Servizo de Mobilidade da Xefatura Territorial da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade informa favorablemente a substitución solicitada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 26 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia (LTPG), dispón que os vehículos adscritos ás licenzas de taxi poderán ser substituídos por outros, previa autorización do órgano concedente, sempre que o vehículo que substitúa ao anterior sexa máis novo e reúna as condicións esixidas para a prestación do servizo.

Segundo.- O Regulamento da LTPG, aprobado por Decreto 103/2018, do 13 de setembro (DOG núm. 187, do 01/10/2018) establece no seu artigo 31 o procedemento de substitución e a obriga de tramitalo a través do procedemento coordinado establecido no artigo 3 do mesmo Regulamento.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Autorizar a substitución do vehículo adscrito á licenza municipal de taxi núm. 5, da que é titular Don Samuel Porto Dacal, por outro de nova adquisición coas características sinaladas no antecedente cuarto do presente acordo.

Segundo.- A presente autorización queda suxeita a que o vehículo cumpra coas seguintes condicións:

- a) Deberá cumprir coas características e condicións que, para os vehículos de servizo público, se establecen na Sección 2ª do Capítulo III do Regulamento da LTPG.
- b) Deberá portar en lugar visible a placa de servizo público ou o distintivo "SP".

7.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 316,17 €
Por subministro de consumibles informáticos, s/factura núm. 22A219 (FACe).
- WURTH S.L. 707,09 €
Por traballos de soporte e mantemento da aplicación informática do padrón municipal de habitantes, s/factura núm. S0293 (FACe).
- RECURSOS E PROGRAMAS ACTIVOS S.L.U. 1.238,13 €
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de dependencia, no mes de xaneiro de 2022, s/factura núm. 22A00005 (FACe).
- RECURSOS E PROGRAMAS ACTIVOS S.L.U. 184,28 €
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de libre concorrencia, no mes de xaneiro de 2022, s/factura núm. 22A00004 (FACe).

- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 47,84 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de xaneiro de 2022, s/factura núm. 22FNX0021366 (FACe).
- COSAPLAG S.L.U. 308,55 €
Por tratamentos de desinfección do Centro de Saúde para a crise sanitaria do COVID-19, s/factura núm. 20220575.
- DISMARK PRODUCTS S.L. 82,28 €
Por subministro de mascarillas para o Departamento de Servizos Sociais, s/factura núm. AC-0000197 (FACe).
- AGROCAMBA V. FARO S.L. 310,00 €
Por subministro de luvas para as auxiliares do Servizo municipal de axuda no fogar (SAF), s/factura núm. 22FV 18.
- COSAPLAG S.L.U. 63,75 €
Por analítica de potabilidade da auga do abastecemento municipal, s/factura núm. 20220507 (FACe).
- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 4.678,34 €
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de xaneiro de 2022, s/factura núm. 2022/0099 (FACe).
- REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. 2.230,27 €
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 0041156900 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as dez horas dez minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)